

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARTEIXO

##### Secretaría Xeral

*Bases para a concesión de subvencións a entidades da comunidade educativa para actividades e equipamento educativos*

**Bases para a concesión de subvencións a entidades da comunidade educativa para actividades e equipamentos educativos**

#### 1) Finalidade e obxecto

As presentes bases teñen como finalidade apoiar ás entidades locais da comunidade educativa (ANPAS, Consellos Escolares) do término municipal na creación ou mantemento de actividades, así como na dotación de equipamentos das programacións que desenvolven en materia de educación, en aplicación do disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, que indica no apartado n) como competencia municipal a participación na programación do ensino, indicando na modificación incluída coa Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sostenibilidade da Administración Local tamén como competencia municipal a cooperación educativa en materia de conservación e mantemento, así como na promoción da cultura. A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva.

#### 2) Lexislación de aplicación

2.1 Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local.

2.2 Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sostenibilidade da Administración Local que modifica a Lei 7/1985.

2.3 Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

2.4 Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.5 Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

2.6 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2.7 Ordenanza Xeral reguladora da concesión de subvencións municipais.

2.8 Outra lexislación de aplicación.

Poderán ser obxecto de subvención:

- **Actividades:** celebracións, conmemoracións, homenaxes, exposicións, publicacións, concursos, certames, mostras, encontros, conferencias, estudos e traballos de investigación do alumnado, etc. En xeral, calquera actividade de conservación, promoción e divulgación dos valores educativos, especialmente dos que resulten da súa pertenza á comunidade galega e/ou ó concello de Arteixo. Inclúense tamén os gastos de material funxible directamente imputable á execución das actividades para as que se solicita axuda.

- **Equipamento:** materiais e medios de carácter non funxible e inventariable que son necesarios para o normal desenvolvemento das actividades.

Quedan excluídas da presente convocatoria e non serán obxecto das subvencións as seguintes actividades e equipamentos:

a) As actividades, talleres ou equipamentos subvencionados ou financiados no mesmo exercicio a través doutras convocatorias, convenios ou plans do Concello de Arteixo.

b) As actividades realizadas fóra do termo municipal, agás aquelas que segundo criterio técnico sexan de especial relevancia ou proxección para o Concello de Arteixo.

c) Os gastos de manutención (non poderán incluírse nos presupostos que se presenten).

d) Os gastos de funcionamento das entidades solicitantes.

e) As viaxes de ocio e as festas, agás aquelas de demostrado interese cultural ou educativo.

f) A adquisición ou construción de novos locais.

Un equipamento, taller ou actividade dirixido a un mesmo colectivo ou sector de poboación só poderá ser subvencionada a través dunha única asociación.

### 3) Partida e crédito orzamentario

- Actividades educativas: Partida 320 48900 según consignación presupostaria anual existente.
- Equipamento educativo: Partida 320 78000 según consignación presupostaria anual existente.

As contías non utilizadas do total consignado anualmente no orzamento municipal integraranse novamente á partida podendo ser utilizado o remanente.

Non obstante, o Concello poderá habilitar maior crédito dentro das súas dispoñibilidades presupostarias ou modificar as contías máximas previstas para para as distintas axudas e subvencións da mesma Concellaría no orzamento municipal anual podendo imputar a outras incluídas na mesma partida. . En todo caso, o límite será sempre o esgotamento da partida presupostaria.

### 4) Entidades beneficiarias

1. Entidades da comunidade educativa legalmente constituídas que cumpran os seguintes requisitos especificados na Ordenanza Xeral reguladora da concesión de subvención municipais:

- a) Atoparse na situación que fundamenta a concesión de subvención.
- b) Estar ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias (Estado, CCAA, Deputación Provincial, Concello de Arteixo e organismos relacionados) e coa Seguridade Social.
- c) Estar ao corrente no pago de obrigas de reintegro de subvencións.
- d) Ter a condición de entidade beneficiaria por non concorrer ningunha circunstancia legalmente definidas para incurrir nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- e) Ter un número mínimo de dez socios agás as entidades ás que, pola súa natureza, non lles sexa de aplicación (ANPAS, fundacións, comités organizadores,...)
- f) Consellos escolares dos centros de ensino (EEI, CEIPS, IES, CEE).

### 5) Condicións xerais das solicitudes

- a) Poderase solicitar un máximo de dúas subvencións para actividades/talleres e dúas subvencións para equipamento debendo priorizar entre elas.
- b) O importe da subvención solicitada non poderá superar o 70% do presuposto estimativo de gastos.
- c) Tendo en conta o carácter de concurrencia competitiva desta convocatoria, no caso de que o importe das axudas correspondentes ás solicitudes recibidas supere a dotación orzamentaria disposta reducirase a contía subvencionable de maneira proporcional entre os beneficiarios de tal xeito que non se supere a partida orzamentaria.

### 6) Documentación

As solicitudes formularanse no modelo normalizado establecido e entrágaranse no Rexistro Xeral (central ou auxiliares), aportando os datos e a documentación sinalada a continuación:

- a) Memoria explicativa das actividades, talleres ou investimentos que se pretenden realizar, con especificación do contido, data, horarios, lugar de realización, obxectivos, responsable da súa execución, número de beneficiarios e fins concretos ós que se destinarán os fondos.
- b) Presuposto detallado de gastos e ingresos da actividade ou investimento.
- c) Fotocopia do CIF.
- d) Importe da subvención solicitada, que non poderá superar o 70% do presuposto de gastos.
- e) Declaración de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para percibir axudas públicas segundo o artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- f) Declaración relativa a outras subvencións e/ou axudas percibidas con idéntico destino.
- g) Acreditar estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Facenda do Estado e da Xunta de Galicia, coa Deputación Provincial, co Concello de Arteixo e outras entidades públicas relacionadas. No caso de obrar autorización expresa (según modelo) a entidade municipal tramitará as que poida obter de xeito directo.

h) Compromiso da entidade de facer constar a colaboración do Concello de Arteixo e a concellaría correspondente en toda información que realice (impresa, informática ou audiovisual) no desenvolvemento das actividades ou investimentos.

i) No caso de cambios na Xunta Directiva ou consello escolar deberá entregarse documento acreditativo (só no caso de non terse tramitado na Concellaría de Participación Cidadá do Concello).

j) Certificación de conta bancaria (DCB) en modelo oficial no caso de cambio de conta.

k) Para Consellos Escolares: Certificación orixinal do acordo de solicitude e do nomeamento do representante para as súas relacións co Concello (no modelo oficial), xunto coa fotocopia do seu DNI.

l) Para ANPAs: no caso de existir cambios respecto anualidade anterior que afecten á xurta directiva ou estatutos, deberán obrar actualizados na Concellaría con competencias en rexistro de datos de entidades asociativas.

m) Certificación do número de socios activos cando sexa o caso.

Calquera defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación terá que ser subsanado no prazo de dez días dende a recepción do requirimento en aplicación do contido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común previa comunicación deste feito no enderezo electrónico facilitado pola entidade solicitante.

### 7) Prazo de presentación

O prazo de presentación será o que se concrete coa publicación das bases específicas que se contará a partir do seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

### 8) Notificación e publicidade da resolución

Aos efectos de notificación e publicidade da resolución de solicitudes e outros relacionadas co procedemento de solicitude de axudas, aplicarase o indicado na Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, utilizando como medio de comunicación os enderezos electrónicos facilitados polas entidades solicitantes, na Sede Electrónica do Concello e outros medios complementarios de comunicación.

Indicarase nas mesmas os recursos que procedan.

### 9) Modificación dos conceptos

Despois da notificación da concesión, e logo de solicitude razoada da entidade beneficiaria da subvención, poderá autorizarse a modificación da solicitude inicial, mediante o cambio dos obxectivos ou conceptos concretos que se detallan na memoria ou orzamento da solicitude, sempre que se manteña a finalidade da subvención. Estes cambios deberán comunicarse previamente a súa xustificación para seren admitidos. Se os cambios provocan un presuposto superior ou igual ó presuposto inicial, manterase o coeficiente de financiamento, o importe da subvención e o presuposto subvencionado; se o presuposto é inferior ó inicial, deberá determinarse un novo coeficiente de financiamento, novo importe e novo presuposto subvencionado, que serán inferiores ó inicialmente establecido.

### 10) Obrigas dos beneficiarios

Os beneficiarios, unha vez aceptada a subvención, están obrigados a:

a) Realizar as actividades ou adquirir equipamentos propostos.

b) Presentar toda a documentación requirida

c) Destinar as axudas aos fins para os que se concederon para o que deberán acreditar o cumprimento da finalidade.

d) Facer constar na totalidade da publicidade e/ou actividade informativa que se realice por calquera medio (impreso ou non) que conta con subvención do Concello de Arteixo, tendo que figurar en toda impresión o logotipo oficial que será facilitado.

e) Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade que procedan doutras administracións e/ou entes públicos ou privados.

f) Colaborar cos departamentos municipais nos actos para os que sexan requiridos.

### 11) Comisión de avaliación

O exame das solicitudes realizarase por unha Comisión de Avaliación, da que formarán parte:

o A técnica de Educación

o A concelleira de Relacións coa Comunidade Educativa

o O Concelleiro ou a Concelleira de Servizos Económicos

## 12) Xustificación e pagamento

- a) O prazo de presentación dos xustificantes rematará o 30 de outubro do ano de solicitude.
- b) Poderá ampliarse dito prazo mediante solicitude motivada ou por proposta razoada da unidade xestora.
- c) Se non se presenta a xustificación dentro de prazo (inicial ou prorrogado), iníciase expediente de anulación do correspondente compromiso.
- d) En calquera caso, o 31 de decembro deste ano anularanse automaticamente tódalas axudas pendentes de xustificación ou sen concesión de prórroga.
- e) O Concello resérvase o dereito de comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta, quedando a entidade beneficiaria obrigada a facilitar canta información sexa requirida polo servizo xestor para a Intervención Municipal.
- f) Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos aprobados no presuposto inicial.
- g) As contías correspondentes aboaranse despois da correcta xustificación e unha vez aprobada a conta xustificativa.
- h) No caso de ter outras subvencións para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención do Concello teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o presuposto subvencionado será a suma das subvencións.
- i) O gasto xustificado documentalmente deberá acadar polo menos o importe do presuposto indicado na solicitude.
- j) Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, en todo caso a obtención concorrente de subvención doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar a modificación da resolución da concesión, non podendo en ningún caso superar a contía total do custo da actividade.
- k) Para a correcta xustificación, aplicarase o na contido na Ordenanza Xeral de subvencións municipais e que se indica nas presentes bases.
- l) Nas viaxes educativas, poderán xustificarse gastos de desprazamento, mais nunca de alimentación.
- m) En xeral, non se admitirán como gastos as facturas relativas a alimentos e bebidas, agás as de produtos típicos das celebracións tradicionais e que consten previamente na solicitude formulada.
- n) As facturas deberán reflectir claramente a finalidade da actividade. En caso contrario, para a aprobación da xustificación poderá solicitarse pola entidade municipal informe aclaratorio asinado polas persoas que exerzan a presidencia e a secretaría.

## 13) Documentación xustificativa

Para o cobro da subvención as entidades deberán presentar unha **conta xustificativa simplificada**. A conta xustificativa presentarase no Rexistro Xeral do Concello con destino á concellaría de Relacións coa Comunidade Educativa e respectará o contido mínimo que marca a Ordenanza Xeral de subvencións, polo que deberá incluír:

1. Memoria de actuacións xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos (segundo modelo).
2. Memoria económica dos gastos e investimentos da actividade (segundo modelo), acompañada dos orixinais ou copias cotexadas de facturas, recibos, nóminas e demais documentos de valor probatorio cuxo pagamento quede acreditado. Os pagamentos acreditaranse con carácter xeral mediante documento de transferencia bancaria, podendo admitirse de xeito excepcional pagos en efectivo cando a súa contía sexa inferior a 300,00 € (sen IVE). Neste último caso deberá constar na factura ou "recibi" co selo da empresa e a sinatura de persoa física que teña a representación.
3. Detalle doutros ingresos de natureza privada (cotas ou aportacións de socios, cofinanciamento de socios ou persoas beneficiarias nas actividades recibidas...)
4. Detalle doutras achegas ou subvencións de fondos públicos que teñan financiado a actividade subvencionada, indicando o importe e a procedencia.
5. Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas fiscais coa facenda estatal (substituíble pola autorización expersa para consulta por parte da entidade municipal) e autonómica e certificación acreditativa de estar ó corrente das obrigas coa Seguridade Social. Estas certificacións poderanse substituírse por declaración responsable do beneficiario da subvención no caso de que a subvención concedida non supere o importe de 3.000,00 €. A comprobación de estar ó corrente das obrigas fiscais municipais a realizará o Concello de Arteixo de oficio.
6. Acreditación gráfica do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración do Concello de Arteixo en toda información (impresa, informática, ou audiovisual) que se teña feita das actividades ou investimentos subvencionados.

7. Coa finalidade de dar cumprimento ó disposto no art. 30.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no caso de presentar fotocopias, antes de facer a fotocopia deberá extenderse no orixinal da factura unha dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención do Concello de Arteixo

#### 14) Tramitación da xustificación

Á vista da documentación xustificativa presentada, logo dos informes técnicos e previa fiscalización pola Intervención, o órgano competente valorará e aprobará a conta xustificativa e procederase ao pagamento da subvención

No caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente, notificarase un prazo de dez días para a súa corrección. De non cumprirse este requisito dentro do prazo sinalado, e sempre que se acredite o cumprimento da finalidade, o importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos xustificadas correctamente, aplicando o coeficiente de financiamento. Pasado dito prazo archivarase a solicitude e non terán dereito á reclamación.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e o seu pagamento, terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique o gasto polo 100% do presuposto subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.
- No caso de que se xustifique un gasto inferior ó 100% do presuposto subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención.

#### 15) Infraccións e sancións

Aplicaranse as legalmente establecidas na lexislación de aplicación.

#### 16) Criterios para a concesión da subvención

Subvencionaranse os proxectos presentados por cada entidade segundo os criterios que figuran no anexo I.

Segundo a puntuación acadada, tanto en actividades coma en equipamentos, a porcentaxe de subvención a aplicar sobre o orzamento proposto polo Consello escolar será o seguinte:

PUNTUACIÓN OBTIDA	PORCENTAXE SUBVENCIÓN DO PRESUPOSTO TOTAL
10	70%
9 - 9,5	60%
8 - 8,5	50%
7 - 7,5	40%
6 - 6,5	30%
5 - 5,5	20%
3 - 4,5	10%
Inferior a 3 puntos	Non se considera que se cumpriu o obxecto da subvención: 0%

#### ANEXO I: CRITERIOS DE VALORACIÓN

ORDE	ACTIVIDADES	EQUIPAMENTO
1	ALUMNADO BENEFICIARIO DA ACTIVIDADE/EQUIPAMENTO:	ALUMNADO BENEFICIARIO DA ACTIVIDADE/EQUIPAMENTO:
	- Todo o alumnado do centro (infantil e primaria): 1.5	- Todo o alumnado do centro (infantil e primaria): 1.5
	- Todas as aulas de 1 ciclo: 1	- Todas as aulas de 1 ciclo: 1
	- Todas as aulas do mesmo nivel: 0.5	- Todas as aulas do mesmo nivel: 0.5
2	ACTIVIDADES INDEPENDENTES DO CONCELLO	
	- Si: 1 - Non: 0	
3	DIFUSIÓN DA CULTURA GALEGA	
	- Si: 1 - Non: 0	
4	ACTIVIDADE INTERCULTURAL	
	- Si: 1 - Non: 0	

5	OUTRAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS	OUTRAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS
	- Non ..... 0	- Non ..... 0
	- < 1000 € ..... -1	- < 1000 € ..... -1
	- 1000-2000 ..... -2	- 1000-2000 ..... -2
	- > 2000 € ..... -3	- > 2000 € ..... -3
6	Orixinalidade do proxecto no sentido de que supoña unha actividade innovadora	
	- Nova subvención ..... 1	
	- 1 ano antigüidade ..... -1	
	- 2 anos antigüidade ..... -2	
	- 3 anos antigüidade ou máis ..... -3	
7	IMPLICACIÓN EN ACTIVIDADES MUNICIPAIS PARA AS QUE NON RECIBAN SUBVENCIÓN	IMPLICACIÓN EN ACTIVIDADES MUNICIPAIS PARA AS QUE NON RECIBAN SUBVENCIÓN
	- Si: 2	- Si: 2
	- Non: 0	- Non: 0
8		TIPO DE EQUIPAMENTO
		- Único ..... 2
		- Múltiple
		- <500 € ..... -1
		- 500-1000 ..... -2
		- 1000-1500 .... -3
		- 1500-2000 .... -4
	- > 2000 € ..... -5	
9	REPERCUSIÓN E CONTIDOS DO PROXECTO-ACTIVIDADES (Total: 1,5 puntos)	REPERCUSIÓN E CONTIDOS DO PROXECTO-EQUIPAMENTO (Total: 1,5 puntos)
	- Implicación, participación e uso por parte doutras comunidades distintas á solicitante: 0,5	- Equipamento que contribúa á implicación, participación e uso por parte doutras comunidades distintas á solicitante: 0,5
	- Actividades relacionadas con temas transversais (educación para a paz, para a saúde, educación cívica, educación viaria, educación ambiental, interculturalidade, coeducación...): 0.5	- Equipamento relacionado con temas transversais (educación para a paz, para a saúde, educación cívica, educación viaria, educación ambiental, interculturalidade, coeducación...): 0.5
	- Pola posta en valor do concello de Arteixo como axente educador, a través da promoción do patrimonio histórico, artístico, cultural ou natural do concello de Arteixo: 0.5	- Equipamento que contribúa á posta en valor do concello de Arteixo como axente educador, a través da promoción do patrimonio histórico, artístico, cultural ou natural do concello de Arteixo: 0.5
10		MANTEMENTO DO EQUIPAMENTO
		- Por programa de mantemento do equipamento adquirido na presente convocatoria: 2
11	TIPOLOXÍA DE ACTIVIDADES/EQUIPAMENTO:	TIPOLOXÍA DE ACTIVIDADES/EQUIPAMENTO:
	- Actividade/equipamento de carácter educativo 1	- Actividade/equipamento de carácter educativo 1
	- Actividade/equipamento de carácter lúdico 0,5	- Actividade/equipamento de carácter lúdico 0,5
	- Actividade/equipamento doutro carácter 0	- Actividade/equipamento doutro carácter 0

Arteixo, 5 de setembro de 2018

Asdo.: Celina Varela Suárez

Concelleira de Relacións coa Comunidade Educativa

2018/6567